



Concello de Vigo
Expte. 4225/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 2/2024

SESIÓN ORDINARIA DO 29 DE XANEIRO DE 2024

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria del 27.11, extraordinaria do 27.12 e ordinaria do 28.12.2023.
- 2.** Toma de posesión da concelleira electa D^a Patricia Iglesias López (Expte. Pleno 4245/1101)

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 3.** Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, correspondente ao 4º trimestre do 2023. Expte. 27869/541 (Expte. Pleno 4237/1101)

Mocións:

- 4.** Moción do grupo municipal do BNG para demandar da Xunta de Galicia accións para paliar as consecuencias da "Marea Plástica" nas costas galegas. Expte. 4253/1101.
- 5.** Moción do grupo municipal do Partido Popular con motivo da interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Ordenación Integrada do Litoral, aprobada polo Parlamento de Galicia o pasado 4 de xullo. Expte. 4246/1101.
- 6.** Moción do grupo municipal Socialista en apoio á Manifestación convocada o día 4 de febreiro na Praza do Obradoiro en defensa das 13 medidas urxentes para salvar a sanidade pública galega. Expte. 4249/1101.
- 7.** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a creación dun comité de crise no que participaran, ademais das autoridade autonómicas o



Copia do documento - Concello de Vigo 4278-1101	Data impresión: 27/02/2024 14:20 CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	Páxina 1 de 27
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

gobierno central, a FEGAMP e tódolos alcaldes dos municipios afectados, e outros acordos complementarios. Expte. 4250/1101-

8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a reactivar de forma inmediata e urxente a "Comisión Mixta para a integración da rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saúde, e outros acordos complementarios. Expte. 4251/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a aumentar o número de prazas de formación profesional na nosa cidade e axustar a oferta ás necesidades do mercado e outros acordos complementarios. Expte. 4252/1101.

PARTE DE CONTROL

10. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 18/12/23 e o 21/01/24., incluídas no expediente 1615/1102 (Expte. Pleno 4243/1101).
11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as ditadas entre o 18/12/23 e o 21/01/24., incluídas no expediente 1616/1102 (Expte. Pleno 4244/1101).
12. **Formulación de rogos.**
13. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Espinosa Mangana, Elena
Estévez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorca
Iglesias González, Ana Laura
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M.^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M.^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

- Ilmo. Sr. Alcalde
- Caride Estévez, María José, concelleira do grupo municipal Socialista
- Rivas González, Ángel, concelleiro do grupo municipal Socialista
- Fernández Tapias, Marta, voceira do grupo municipal do Partido Popular
- Garrido Valenzuela, Irene, concelleira do grupo municipal do Partido Popular.



No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos (09:05) do día vinte e nove de xaneiro do ano dous mil vinte e catro (29/01/24), coa Presidencia da 1ª Tenente de Alcalde, por ausencia do seu titular, Dª Carmen Silva Rego, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario de Administración municipal, don Jose Villán Fuertes, que actúa como Secretario Xeral do Pleno e dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, a Sra. Presidenta declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

...

PARTE RESOLUTIVA

1.(2). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DEL 27.11, EXTRAORDINARIA DO 27.12 E ORDINARIA DO 28.12.2023.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (21) da Corporación, con dereito a voto neste asunto da orde do día, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito, apróbanse as seguintes actas:

- Sesión núm. 21/2023 ordinaria, celebrada o 27/11/23
- Sesión núm. 22/2023 extraordinaria, celebrada o 27/12/23.
- Sesión núm. 23/2023 extraordinaria, celebrada o 28/12/23.

2.(3). TOMA DE POSESIÓN DA CONCELLEIRA ELECTA Dª PATRICIA IGLESIAS LÓPEZ (EXPTE. PLENO 4245/1101)

SRA. PATRICIA IGLESIAS LÓPEZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade a El Rei así como gardar e facer a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.(4). DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DO 2023. EXPTE. 27869/541 (EXPTE. PLENO 4237/1101)



Copia do documento - Concello de Vigo
4278-1101

Data impresión: 27/02/2024 14:20

Páxina 3 de 27

CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ANTECEDENTES.- Dase conta do informe de data 16 de xaneiro de 2024, da Dirección Superior Contable e Orzamentación conformado polo concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que dí o que segue,

«LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME.-

I Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que non estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 14:20	Páxina 4 de 27
4278-1101	CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesorería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del período medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...).”

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 14:20	Páxina 5 de 27
4278-1101	CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón a anotación automática no rexistro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade técnica ata o pago ou ata o último día do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade, a data de cómputo é dende a recepción da factura no rexistro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura polo órgano competente, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendente de Pago, as facturas aprobadas pendentes de pago ao final do período. Ademais do anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as disponibilidades da tesourería.

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 14:20	Páxina 6 de 27
4278-1101	CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dentro dos 30 días seguintes á aprobación da factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones_ManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACE ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.

V.- Datos correspondentes ao 4º trimestre do ano 2023.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 4º trimestre do exercicio 2023 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e Convention Bureau.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 14:20	Páxina 7 de 27
4278-1101	CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	C. BUREAU
Pagos feitos no trimestre				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	2,169	88	162	58
Importe dos pagos	70,001,738.29	903,373.20	165,790.01	143,294.93
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	8	0	7	0
Importe	193,518.97		3,162.72	.00
PMP (período medio de pago do trimestre)	13,22 días	23,16 días	13,79 días	2,91 días
Intereses de demora pagados no trimestre				
Nº de pagos	.00	.00	.00	.00
Importe	.00	.00	.00	.00
Pagos pendentes ao remate do trimestre				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	425	35	24	24
Importe dos pagos	7,480,997.63	245,525.15	35,496.63	248,567.25
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	5	0	0	0
Importe	14,084.58	.00	.00	.00
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	7,38 días	12,06 días	4,36 días	0,00 días

O "Período *medio de pago*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FAcE ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

As facturas pagadas ou pendentes de pago que están ou foron pagadas fora do período legal de pagos, non teñen causa nun problema de liquidez, senón, que na maioría dos casos, a súa causa é o atraso na conformidade e tramitación da mesma polo servizo xestor do gasto, que en cumprimento do previsto na Base 18ª.2.i) das de Execución do Orzamento, debería dar conformidade ou desconformidade ao documento, nos 5 días hábiles seguintes o da súa recepción.

Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Días		Días		Días		Días	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	14.04	28.71	21.06	2.44	7.24	8.40	7.15	0.00
Segundo	13.79	38.47	13.96	6.65	9.57	9.13	5.66	1.33
Terceiro	13.95	18.04	14.42	2.92	15.08	13.27	5.24	0.00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 14:20	Páxina 8 de 27
4278-1101	CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto	13.22	7.38	23.16	12.06	13.79	4.36	2.91	0.00
--------	-------	------	-------	-------	-------	------	------	------

En contías e nº de pagos

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
Primeiro	35,284,789.48	12,281,212.55	263,692.04	78,136.68	152,801.95	20,672.19	30,659.55	.00
Nº pagos	1,302	270	84	7	160	12	43	0
Segundo	55,162,479.62	4,503,763.84	341,239.26	91,091.76	245,235.88	16,871.89	36,478.44	282.66
Nº pagos	1,448	8	80	16	201	14	34	1
Terceiro	46,829,156.34	6,137,875.13	534,025.93	140,743.41	200,946.62	2,681.61	60,855.80	.00
Nº pagos	1,309.00	210.00	92.00	13.00	162.00	8.00	36.00	.00
Cuarto	70,195,257.26	7,495,082.21	903,373.20	245,525.15	168,952.73	35,496.63	143,294.93	248,567.25
Nº pagos	2,177	430	88	35	169	24	58	24

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación e Fundación CONVENTION BUREAU.

Por días de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago.

PMP, Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2023												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maiο	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	18.94	14.72	11.56	12.24	10.33	13.66	10.81	9.85	9.41	9.29	7.81	7.27
MARCO	5.14	6.17	9.53	5.49	13.21	11.12	8.38	13.46	18.69	16.84	3.92	10.16
XMU	16.79	11.76	4.63	8.16	8.72	5.78	6.96	4.88	5.81	11.04	17.67	8.17
V. C.BUREAU	7.10	6.88	5.74	5.08	7.18	4.81	4.84	4.21	6.66	4.13	3.92	6.82
PMP Global	18.81	14.67	11.51	12.19	10.32	13.55	10.71	9.84	9.41	9.33	7.94	7.29

Por **contías** pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2023

Mes	INSTITUCIÓN							
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago
Xaneiro	5,469,211.27	2,744,427.36	147,713.32	34,056.73	48,437.70	101.64	1,192.02	0.00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 14:20	Páxina 9 de 27
4278-1101	CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Febreiro	10,653,247.42	5,420,947.42	34,427.63	58,626.66	50,807.29	3,117.37	5,602.39	1,635.86
Marzo	17,015,175.62	11,658,491.78	81,551.09	78,136.68	74,229.15	20,672.19	23,865.14	0.00
Abril	16,107,640.11	10,415,405.29	85,169.04	66,651.78	91,086.19	23,225.22	7,372.62	0.00
Maio	20,327,988.68	7,640,381.31	103,969.63	113,709.32	55,199.19	13,105.05	10,844.77	0.00
Xuño	16,922,861.67	3,943,345.62	152,100.59	91,091.76	98,950.10	16,871.89	18,261.05	282.66
Xullo	14,572,175.02	4,867,609.56	415,534.84	29,061.49	78,337.20	14,150.50	20,636.17	0.00
Agosto	13,163,481.93	7,724,484.73	37,407.73	28,078.23	24,315.20	15,091.26	6,971.06	0.00
Setembro	19,046,515.51	5,689,768.31	81,083.36	140,743.41	98,250.22	2,681.61	33,248.57	0.00
Outubro	15,277,799.22	7,025,404.23	180,029.09	36,892.98	49,975.90	12,481.69	8,897.42	0.00
Novembro	15,995,069.34	7,214,182.58	299,546.40	82,857.07	88,527.70	3,679.19	92,206.89	3,679.19
Decembro	38,481,753.14	7,385,998.04	423,797.71	245,525.15	69,784.76	35,496.63	45,869.81	248,567.25
TOTAL	203,032,918.93		2,042,330.43		827,900.60		274,967.91	

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura até o pago ou até o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do informe trimestral de Tesourería.»

***.- Incidencias.** No desenvolvemento da sesión, no debate deste punto 3, e unha vez finalizada a intervención do Concelleiro do Grupo Municipal do PSOE, Sr. Aneiros Pereira, concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, un grupo de persoas que se atopan entre o público, interrompen o desenvolvemento da sesión mediante gritos reclamando a actuación do Concello de Vigo como mediador na problemática entre as persoas traballadoras do servizo de transportes urbanos e a concesionaria VITRASA.

A Sra. Presidenta da sesión chama á orde ao público asistente, co fin de proseguir co desenvolvemento normal da sesión. A pesar das chamadas á orde, algunhas persoas do público continúan coas súas imprecacións. Por este motivo a Sra. Presidenta, tras tres chamadas á orde, suspende a sesión entre as 09:19 h e as 09:24 h. Durante a suspensión da sesión esa parte do público abandona o salón de plenos de xeito voluntario.

Datos rexistrados e indicación dos momentos temporais segundo acta dixital:

- 00:03:27 : 3. Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, correspondente ao 4º trimestre do 2023. Expte. 27869/541 (Expte. Pleno 4237/1101)
- 00:04:06 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:08:40 - Silva Rego, Carmen
- 00:08:54 - Pérez Iglesias, Xabier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 14:20	Páxina 10 de 27
4278-1101	CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

00:09:19 - Silva Rego, Carmen

00:12:30 - Interrupción por desaloxo

00:18:18 - Silva Rego, Carmen

A Sra. Presidenta incorporase ao salón de plenos ás 09:25 h., levanta a suspensión, continuando co desenvolvemento da sesión.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O Pleno da Corporación Municipal toma coñecemento do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas, correspondente ao 4º trimestre de 2023.

MOCIÓNS:

.- **Incidencia. Neste intre, en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Sra. Presidenta da sesión, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero, 56 no 2023 e 3 no que vai deste 2024.*

4.(5). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA DEMANDAR DA XUNTA DE GALICIA ACCIÓNS PARA PALIAR AS CONSECUENCIAS DA “MAREA PLÁSTICA” NAS COSTAS GALEGAS. EXPTE. 4253/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xaneiro de 2024, número 4253/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

“PARA DEMANDAR DA XUNTA DE GALIZA ACCIÓNS PARA PALIAR AS CONSECUENCIAS DA “MAREA PLÁSTICA” NAS COSTAS GALEGAS

Máis unha vez o litoral galego sofre unha catástrofe ambiental e máis unha vez a Xunta de Galiza afrontou esta crise con ocultación, con mentiras, cunha flagrante negligencia e deixando sos os concellos.

O 8 de decembro, segundo os Gobernos español e portugués, o barco “Toconao” perdía en alta mar varios colectores. Un deles levaba 1.050 sacos, de 26,25 quilos cada un de granulados plásticos (pellets). O 13 de decembro a Xunta de Galiza xa é sabedora deste vertido no medio mariño, mais non será ata practicamente un mes máis tarde, a causa da presión social e mediática, cando comece a tomar as primeiras medidas.

É o 4 de xaneiro, cando se dirixe por primeira vez a algúns concellos costeiros, mediante unha carta do conselleiro do Mar, mais non para ofrecerlle colaboración ou os medios humanos e técnicos necesarios, senón unicamente para lembrarlles as “competencias que ten a administración local na limpeza dos areais”, precisamente despois de que for esa a única administración que, con recursos propios, estaba atendendo a limpeza das praias desde o primeiro momento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 14:20	Páxina 11 de 27
4278-1101	CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Aínda que a marea plástica seguía a estenderse, o 6 de xaneiro o Goberno galego activa o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña (Plan Camgal) no seu nivel mínimo, que se mantén ata o día 9 cando se decreta o nivel 2 que permite que poidan intervir medios estatais.

A día de hoxe a Xunta continúa sen dispoñer de persoal suficiente nas praias, sen facilitar equipos ou material de protección para as miles persoas voluntarias que están efectuando a limpeza e que tampouco é quen de coordinar.

É evidente que o Goberno galego fixo deixación de funcións, abandonou os concellos á súa sorte, desentendeuse da coordinación do voluntariado, mesmo naquelas zonas medioambientalmente máis sensíbeis, e non está a prever as consecuencias que a marea plástica pode ter no sector pesqueiro e marisqueiro galego.

Por outra banda, vén de afirmar que, segundo os informes contratados a unha empresa privada, os plásticos non son "tóxicos nin perigosos", valoración que non comparte nin a UE nin a Fiscalía de Medio Ambiente do Estado que xa abriu unha investigación.

Polo que, a través desta moción, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Esixir da Xunta de Galiza que:

- 1 Faga efectiva a súa colaboración cos concellos poñendo á súa disposición de inmediato todos os medios técnicos, materiais e humanos suficientes para facer fronte á crise ambiental que están a vivir.
- 2 Aumente o persoal de limpeza das praias ao seu cargo, de xeito que ningún areal afectado quede sen atender.
- 3 Centralice e se faga cargo de todas as xestións de reclamación de danos e resarcimento de gastos aos concellos por parte da aseguradora do buque que provocou o accidente.
- 4 Despegue todos os buques e helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza para intensificar a vixilancia e actuar de inmediato.
- 5 Leve a cabo os estudos necesarios nos centros de investigación propios e en colaboración coas universidades galegas para determinar a composición e efectos dos plásticos, tanto na flora e fauna costeira como nas persoas.
- 6 Atenda a afectación que a marea plástica puidese ter na actividade pesqueira e marisqueira das nosas rías e, como consecuencia, nos traballadores e traballadoras do mar."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

*.- **Incidencia.** No momento da votación deste asunto atopase ausente o Sr. Pardo Espiñeira, concelleiro do grupo municipal Socialista. Son vinte e un (21) os concelleiros que participan na votación deste asunto incluídos na orde do día, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e de feito,

VOTACIÓN: Con dezaoito (18) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e mais quince (15) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; e tres (3) votos en contra dos membros



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 14:20	Páxina 12 de 27
4278-1101	CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.01.2024 (Rex. Nº 4253/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

.- **Incidencia. Sendo as 10:05 h., auséntanse da sesión plenaria o Sr. Aneiros Pereira, concelleiro do grupo municipal Socialista. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e un (21) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e de feito,*

5.(6). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR CON MOTIVO DA INTERPOSICIÓN DUN RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE CONTRA A LEI DE ORDENACIÓN INTEGRADA DO LITORAL, APROBADA POLO PARLAMENTO DE GALICIA O PASADO 4 DE XULLO. EXPTE. 4246/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xaneiro de 2024, número 4246/1101, os concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, Sras e Sres. Fernández-Tapias, Garrido Valenzuela, Sánchez Méndez, González Abeijón e Martín Peña, formulan a seguinte,

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE VIGO CON MOTIVO DA INTERPOSICIÓN DUN RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE CONTRA A LEI DE ORDENACIÓN INTEGRADA DO LITORAL, APROBADA POLO PARLAMENTO DE GALICIA O PASADO 4 DE XULLO.

O pasado 10 de outubro, o Goberno central en funcións anunciou a interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Ordenación Integrada do Litoral, aprobada polo Parlamento de Galicia o pasado 4 de xullo.

Deste xeito, o Executivo de Pedro Sánchez desbota calquera liña de diálogo coa comunidade autónoma de Galicia e pon en cuestión unha lei que respecta escrupulosamente a Constitución Española e as competencias nela establecidas.

O noso Estatuto de Autonomía recoñece no seu artigo 27 que a comunidade autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de ordenación do litoral, e que por dita exclusividade corresponde ao Parlamento de Galicia ditar as leis nesa materia e á Xunta de Galicia aprobar os Regulamentos e exercer a función executiva.

Tamén a Lei de Costas do Estado, no seu artigo 114 vén recoñecer que as Comunidades Autónomas exercerán as competencias que en materia de ordenación territorial e do litoral teñan atribuídas en virtude dos seus Estatutos.

Tamén o Tribunal Constitucional (TC) veu establecer que a titularidade estatal do dominio non é un criterio de atribución de competencias e que non pode excluír que as CCAA litoral exerzan as súas lexítimas competencias.

Ademais, o TC tamén vén recoñecer que nas Comunidades Autónomas con competencias exclusivas en materia de ordenación del litoral a facultade de outorgar



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 14:20	Páxina 13 de 27
4278-1101	CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

títulos de ocupación do litoral intégrase na competencia máis ampla de ordenación do litoral como función executiva.

A todo isto súmase o ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia no que, tras analizar as sentenzas do TC nesta materia, conclúe que Galicia ten potestades normativas para ordenar o seu litoral mediante lei e para outorgar os títulos de ocupación do litoral, faltando só o traspaso de medios e servizos para o seu exercicio efectivo.

Tendo en conta a opinión do Consultivo e todos os intentos realizados por parte do Goberno central co obxectivo de interferir na xestión do dominio público marítimo-terrestre e de impulsar cambios normativos para expulsar todo vestixio humano do noso litoral e que van en contra da propia identidade e dinámica do litoral galego, a Xunta tomou a decisión de impulsar a redacción da primeira Lei de ordenación do litoral de Galicia, que finalmente foi aprobada polo Parlamento galego.

Ao que debe engadirse que o Goberno Central non quixo sentarse coa Comunidade Autónoma para chegar a un acordo, senón que o que fixo foi acudir o máis pronto posible a un recurso de inconstitucionalidade para poder exercer o privilexio estatal de suspender unha lei autonómica.

Desde o Grupo Popular considérase imprescindible que Galicia non sexa tratada como unha comunidade de segunda, e que poida regular a súa costa para protexela máis e mellor.

De feito, a suspensión da lei supón a paralización das concesións no litoral e dos sistemas de depuración de augas. Poñendo en risco a viabilidade de preto de 4.000 edificacións e de centos de empresas que operan na costa. Así como prexudicar directamente a millón e medio de galegos que viven no noso litoral.

Por todo o exposto, e ante a relevancia desta cuestión para Galicia:

O Concello Vigo amosa o seu rexeitamento ante o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral e insta ao Goberno central a reconsiderar a súa decisión, sentándose a negociar coa comunidade autónoma de Galicia unha lei que se fundamenta nas lexítimas competencias exclusivas que á nosa comunidade lle recoñece o seu Estatuto.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con seis (6) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular (3), señoras e señores, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e quince (15) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Espinosa Mangana, **Estévez** Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 24.01.2024 (Rex. Nº 4246/1101), polos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, Sras e Sres. Fernández-Tapias, Garrido Valenzuela,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 14:20	Páxina 14 de 27
4278-1101	CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sánchez Méndez, González Abeijón e Martín Peña, "con motivo da interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Ordenación integrada do litoral, aprobada polo Parlamento de Galicia o pasado 4 de xullo", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

6.(7). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN APOIO Á MANIFESTACIÓN CONVOCADA O DIA 4 DE FEBREIRO NA PRAZA DO OBRADOIRO EN DEFENSA DAS 13 MEDIDAS URXENTES PARA SALVAR A SANIDADE PÚBLICA GALEGA. EXPTE. 4249/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xaneiro de 2024, número 4249/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A Sanidade Pública Galega está en unha situación crítica con Centros de Saúde e PACs inaccesíbeis; consultas telefónicas en lugar de presenciais; centros masificados, sen pediatras nin persoal suficiente, con esperas de semanas; servizos de urxencias hospitalarios colapsados; listas de agarda hospitalarias manipuladas que ocultan máis da metade dos pacientes; servizos de Saúde Pública sen recursos para afrontar as epidemias; persoas maiores abandonados nas residencias e na dependencia; e un persoal sanitario insuficiente que soporta unhas condicións laborais precarias e indignas.

É necesaria unha gran mobilización social e profesional para cambiar esta situación aberrante e inaceptábel, e que culmine as manifestacións convocadas nos últimos meses en decenas de pobos e cidades de toda Galicia como protesta polo abandono asistencial e a falta de recursos que pon en risco permanente a saúde da poboación.

SOS Sanidade Pública, e as súas 55 organizacións que abranguen propoñen 13 medidas urxentes para afrontar esta situación crítica e desoladora. E chama a toda a cidadanía galega a encher a Praza do Obradoiro de Compostela o vindeiro domingo 4 de febreiro cunha única voz en defensa da sanidade pública que queremos e que merecemos.

Medidas para recuperar a Sanidade:

- 1. Incrementar o orzamento sanitario, especialmente na Atención Primaria, ata o 25% do total que indica a Organización Mundial da Saúde (OMS),*
- 2. Incrementar o persoal de medicina familiar, pediatría e enfermaría; incorporación aos equipos sanitarios de novas categorías profesionais*
- 3. Apertura dos Centros de Saúde pechados e creación de novos onde sexa necesario, coa dotación suficiente para realizar a súa labor.*
- 4. Reintegración do servizo de ambulancias ao Sistema Público e aumentar a dotación das mesmas*
- 5. Implementación dun Plan Urxente para racionalizar as listas de agarda hospitalarias, poñendo de novo a funcionar a pleno rendemento os centros sanitarios públicos.*
- 6. Garantir que a atención médica e o control da saúde das persoas incluídas no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia*
- 7. Reintegrar ao Sistema Público dos servizos privatizados e Recuperar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para o Sistema Público, ca recuperación da poboación*



Copia do documento - Concello de Vigo
4278-1101

Data impresión: 27/02/2024 14:20

Páxina 15 de 27

CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

adscrita a POVISA e ampliar o número de camas a do proxecto inicial redactado, 1265 camas

8. Elaborar de forma consensuada dun Plan de Saúde Mental que dote ao Sistema Sanitario Público Galego de recursos e de persoal axeitado

9. Eliminar a inestabilidade e precariedade laboral no Sistema Público e implementar unha política xusta e incentivadora.

10. Concursos públicos transparentes e abertos para cubrir os cargos de xestión do Sistema Público. Erradicar as prácticas de clientelismo e nepotismo.

11. Restablecer as Xerencias de Atención Primaria e dotalas de capacidade resolutiva e orzamento propio. Restituír as Áreas Sanitarias suprimidas e os recortes nos Hospitais Comarcais.

12. Reorientar o sistema ao «modelo comunitario e participativo», para garantir unha atención integral

13. Desmedicalizar o sistema, e acabar co uso irracional e abusivo dos fármacos e das novas tecnoloxías, e poñer o eixo do mesmo na Atención Primaria.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

- *Apoiar a Manifestación convocada o día 4 de febreiro na Praza do Obradoiro en defensa das 13 medidas urxentes para salvar a sanidade pública galega."*

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezaoito (18) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (15), señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, e tres (3) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.01.2024 (Rex. Nº 4249/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. Lopez Font, "en apoio á manifestación convocada o día 4 de febreiro na praza do Obradoiro en defensa das 13 medidas urxentes para salvar a sanidade pública galega", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

7.(8). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CREACIÓN DUN COMITÉ DE CRISE NO QUE PARTICIPARAN, ADEMAIS DAS AUTORIDADE AUTONÓMICAS O GOBERNO CENTRAL, A FEGAMP E TÓDOLOS ALCALDES DOS MUNICIPIOS AFECTADOS, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 4250/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xaneiro de 2024, número 4250/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 14:20	Páxina 16 de 27
4278-1101	CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

MOCIÓN

“O pasado 8 de decembro, o cargueiro “Toconao”, con pavillón liberiano, armadora radicada en Bermudas e empresa propietaria con domicilio fiscal en Chipre, perdía fronte ás costas portuguesas varios colectores, entre os que se atopaba un que contiña máis de 26 toneladas de “pellets” plásticos repartidos en sacos de 25kg.

O 13 de decembro, o 112 recibe a chamada dun veciño de Corrubedo alertando da presenza de decenas de sacos de microplásticos na praia ribeirense de Balieiros, pese ao cal dende a Xunta de Galicia non se toma ningunha medida ata case un mes máis tarde, cando a presión social e mediática impide tapar durante máis tempo o acontecido.

O 20 de decembro ás 18:30 horas, Salvamento Marítimo de Fisterra comunica ao servizo de gardacostas, dependente da Xunta de Galicia, que a chegada de “pellets” ás costas galegas débese a perda do colector do Toconao. Pero non é ata o 4 de xaneiro, 15 días despois, cando a Xunta se dirixe a algúns Concellos a través dunha carta asinada polo Conselleiro do Mar, para lembrarlles que son eles, os Concellos, os que teñen as competencias na limpeza dos areas, e polo tanto desentendéndose desa labor e o que é máis importante, da súa obriga de colaborar aportando medios, recursos, información e orientación a aqueles que estaban a asumir en exclusiva a limpeza dos restos do vertido que chegaban ás nosas costas.

O 6 de xaneiro a Xunta activa o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña (CAMGAL), sorprendentemente no seu nivel 1, o que impedía a intervención dos medios do Estado, segundo o establecido no protocolo aprobado polo Goberno Central durante a etapa de goberno do PP, que obriga a activar o nivel 2 para que o Goberno do Estado poida actuar.

Non é ata o día 9 de xaneiro cando Asturias, comunidade afectada por este vertido con posterioridade a Galicia, decreta o nivel 2, momento no que a Xunta decide seguir os seus pasos e proceder a activar ese nivel de alerta que permite actuar ao Estado, iso si, negándose a concretar que medios precisa para tal fin, chegando a declarar o propio Alfonso Rueda días antes “el que quiera ayudar, que ayude”, ou a Conselleira de Medioambiente, Ánxeles Vázquez, “el Gobierno Central tiene que saber lo que ellos necesitan”; para un día despois acabar pedindo un avión, dous helicópteros, 11 barcos e un submarino.

Así mesmo, compre ter en conta as contradicións dos distintos responsables da Xunta, e cargos do PP, en relación coas características, composición e sobre todo posible toxicidade ou non do material que chega ás nosas costas, sen ter a estas alturas a constatación de si pode ser ou non prexudicial.

Todo un despropósito, que pon negro sobre branco a nefasta xestión da Xunta de Galicia presidida por Alfonso Rueda dunha nova catástrofe nas costas galegas. Unha xestión que seguiu ao pé da letra o manual do Prestige, minimizando as consecuencias do vertido e actuando tarde, mal e arrastrado pola presión social, mentindo e ocultando información e responsabilizando aos demais daquilo que é da súa competencia.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 14:20	Páxina 17 de 27
4278-1101	CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDOS:

Esixir da Xunta de Galicia:

- *A creación dun comité de crise no que participarán, ademais das autoridades autonómicas -que coordinarán as accións- e o goberno central, a FEGAMP e todos os alcaldes/as dos municipios afectados, con independencia do nivel que sexa preciso activar, co fin de que poidan participar directamente na resolución do problema. Comité que se demanda para calquera tipo de crise.*
- *A posta a disposición dos concellos afectados de todos os medios técnicos, económicos e humanos para facer fronte aos traballos de limpeza e retirada dos “pellets”, de seguir chegando pellets ás praias, e asumir os gastos nos que incurriron os concellos para este fin.*
- *A realización en colaboración con Universidades e laboratorios de contrastada experiencia de todos os estudos necesarios para aclarar a composición do material vertido, así coma as posibles afeccións que este poida ter no medio, fauna e flora que serán publicados inmediatamente co fin de garantir a máxima transparencia.*
- *A elaboración de material informativo que poñerá a disposición de confrarías, asociacións, mercados, peixerías, etc.; para evitar calquera dúbida que as consumidoras e consumidores poidan ter sobre a excelente calidade do produto que se extrae das nosas costas e se comercializa, incluíndo a súa difusión a través das redes sociais e medios telemáticos, evitando facer campañas partidistas como a que fixo a Xunta recentemente.*
- *Se centralice e realice, en representación de todos os concellos e sectores afectados, as xestións necesarias para a reclamación dos custes nos que incorreron e están a incorrer os mesmos, así coma das posibles indemnizacións que poidan derivarse como consecuencia desta situación.”*

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓNS: Con dezaoito (18) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (15), señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e tres (3) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.01.2024 (Rex. Nº 4250/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, “instando á Xunta de Galicia a creación dun comité de crise no que participaran, ademais das autoridade autonómicas o goberno central, a Fegamp e tódolos alcaldes dos municipios afectados, e outros acordos complementarios”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/02/2024 14:20

Páxina 18 de 27

4278-1101

CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

8.(9). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REACTIVAR DE FORMA INMEDIATA E URXENTE A “COMISIÓN MIXTA PARA A INTEGRACIÓN DA REDE GALEGA DE TRASTORNOS ADITIVOS NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 4251/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xaneiro de 2024, número 4251/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A Lei Xeral de Sanidade establece que “son os departamentos de saúde das comunidades autónomas (SERGAS) os que exclusivamente teñen as competencias de atención sanitaria das distintas enfermidades”.

Por outra banda, a Recomendación novena do Acordo da Comisión Mixta para o Estudo do Problema das Drogas, relativo ao informe da Ponencia para o estudo dos efectos nocivos da drogas na saúde dos mozos e mozas: “O Sistema Nacional de Saúde debe asumir a asistencia ao drogodependente en termos de igualdade e equidade co resto dos pacientes”.

Asemade, a Oficina de Nacións Unidas para o control da Droga e a Prevención do Crime (UNDCP) tamén considera esencial a integración dos servizos de tratamento e rehabilitación das drogodependencias nos sistemas sanitarios xerais, rexeitando a creación de redes paralelas ou específicas.

Xa hai máis dunha década, O Real Decreto 1911/99, do 17 de decembro, polo que se aproba a Estratexia Nacional de Drogas 2000-2008, que foi aprobado co consenso de todas as comunidades autónomas, indica que: “En materia de asistencia aos enfermos drogodependentes a principal aposta radica en que esta deberá realizarse a través dos Sistemas Públicos de Saúde”.

Dito isto, a realidade en Galicia dista moito de se axustar a este marco normativo. Ata o ano 2010 a Consellería de Sanidade e os concellos con Unidades de Atención á Drogodependencia, asinaban convenios bilaterais para a cofinanciación dos gastos derivados da asistencia a drogodependentes.

É dicir, que os concellos que xestionamos Unidades de Atención a Drogodependentes, como é co caso de CEDRO (dende o ano 1985), dependemos para o seu financiamento da solicitude dunha subvención rogada á Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias exclusivas, sen certeza algunha do dito financiamento.

Froito das demandas reiteradas de todos os concellos de Galicia que teñen unidades de atención a drogodependentes e en cumprimento do acordo do Parlamento de Galicia en marzo de 2021, procedeuse o 19 de decembro de 2022, á constitución da “Comisión Mixta para a integración da rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saúde”.

Na reunión do 17 de febreiro de 2023, presentouse un cronograma de tarefas a realizar ao longo do ano 2023, no que se estipulaba que o Consello da Xunta de Galicia aprobaría o decreto de transferencia en decembro de 2023, con fin de que entrase en vigor en xaneiro de 2024.



Copia do documento - Concello de Vigo
4278-1101

Data impresión: 27/02/2024 14:20

Páxina 19 de 27

CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Lamentablemente, todo quedou, unha vez máis, nun mero anuncio da Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular, que dende aquela reunión, nunca máis volveu a convocar á dita Comisión Mixta nin a informar aos concellos implicados dos avances no proceso de transferencia. Reiteradas peticións á Xunta para que informase con transparencia do estadio dos traballos de transferencia. Todo sen resposta algunha por parte do goberno galego.

Os usuarios das Unidades de Atención son persoas enfermas que teñen dereito á prestación sanitaria que lles corresponde, dun xeito integral, multidisciplinar e dendo o Sistema Público de Saúde, dentro do ámbito das súas estrictas competencias do goberno galego.

Debemos insistir, ano tras ano, para que a Xunta de Galicia cumpra coa súa obriga de integración orgánica destas unidades no SERGAS, que é o desexable, para que poidan ter un tratamento integral dentro do sistema público de saúde.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do PSOE somete á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes

ACORDOS :

1. Instar á Xunta de Galicia a reactivar de forma inmediata e urxente a “Comisión Mixta para a integración da rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saúde”, para dar cumprimento ao cronograma acordado cos Concellos e materializar ao longo deste ano 2024 a plena integración orgánica e funcional de CEDRO no Servizo Galego de Saúde.

2. Instar á Xunta de Galicia a que, entanto non se produza a dita integración comprometida, financie o 100% do custo deste servizo asistencial que está a prestar o Concello de Vigo.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezaoto (18) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (15), señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e tres (3) abstencións dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.01.2024 (Rex. Nº 4251/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, “instando á Xunta de Galicia a reactivar de forma inmediata e urxente a ‘Comisión mixta para a Integración da Rede galega de trastornos aditivos’ no Servizo Galego de Saúde, e outros acordos complementarios” cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo
4278-1101

Data impresión: 27/02/2024 14:20

Páxina 20 de 27

CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

***.- Incidencia.** Sendo as 11:19 h., auséntanse da sesión plenaria a Sra. Silva Rego, 1ª Tenente de Alcalde, pasando a presidir a sesión plenaria a 3º Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte (20) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e de feito,

9.(10). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A AUMENTAR O NÚMERO DE PRAZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL NA NOSA CIDADE E AXUSTAR A OFERTA ÁS NECESIDADES DO MERCADO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 4252/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xaneiro de 2024, número 4252/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suarez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A Lei Orgánica de Ordenación e integración da Formación Profesional que entrou en vigor o 21 de abril de 2022, foi e é unha aposta estratéxica do goberno de Pedro Sánchez, e aprobouse con un amplísimo consenso despois dun intenso proceso de escoita e participación.

Unha Lei nacida co obxectivo de converter a formación profesional nunha das ferramentas principais para a transformación económica e social do noso país, a través dun sistema único, flexible, accesible e acreditable que permita unha cualificación profesional que responda ás demandas dos sectores produtivos.

Galicia, como o resto das comunidades autónomas, ten que adaptar os seus ciclos de FP á nova lei e ampliar o número de prazas, sobre todo tendo en conta que a demanda de ciclos medios de FP de carácter presencial triplica a oferta de prazas existentes, e a demanda dos ciclos superiores, case a cuádruplica.

Ademais, diversas proxeccións de emprego indican que xa no 2025 a metade das ofertas de emprego serán para tituladas e titulados de FP. Por tanto, a pesar de que na actualidade hai 1.100.000 mozas e mozos formándose en FP en España, un 23,4 por cento máis respecto ao curso 2019-2020, seguimos estando por debaixo da taxa de matriculación da Unión Europea con un 25%, ou dos países da OCDE con un 29%.

Coa FP temos unha gran oportunidade económica e social de facilitar a cualificación, a empregabilidade e, en consecuencia, mellorar o tecido produtivo mediante unha aposta polo capital humano.

Por tanto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS:

- Instar á Xunta de Galicia a aumentar o número de prazas de formación profesional na nosa cidade e axustar a oferta ás necesidades do mercado.*
- Que dita oferta incorpore competencias profesionais emerxentes como son a innovación, dixitalización, sustentabilidade ou emerxencia climática.*
- Rexeitar de xeito contundente o peche de ciclos presenciais públicos.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 14:20	Páxina 21 de 27
4278-1101	CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- *Que todos os graos se adapten ás persoas con necesidades específicas de apoio educativo ou formativo para garantir o acceso, a permanencia e a progresión na aprendizaxe”*

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

**.- Incidencia. No momento da votación deste asunto atopase ausente o Sr. Pardo Espiñeira, concelleiro do grupo municipal Socialista. Son dezanove (19) os concelleiros que participan na votación deste asunto incluídos na orde do día, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e de feito,*

VOTACIÓN: Con dezaseis (13) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e tres abstencións (3) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.01.2024 (Rex. Nº 4252/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, “instando á Xunta de Galicia a aumentar o número de prazas de formación profesional na nosa cidade e axustar a oferta ás necesidades do mercado e outros acordos complementarios”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

10.(11). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 18/12/23 E O 21/01/24., INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1615/1102 (EXPTE. PLENO 4243/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 18/12/23 e o 21/01/24, incluídas no expediente 1615/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

11.(12). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS DITADAS ENTRE O 18/12/23 E O 21/01/24., INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1616/1102 (EXPTE. PLENO 4244/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 18/12/23 e o 21/01/24, incluídas no expediente 1616/1102.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 14:20	Páxina 22 de 27
4278-1101	CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

12. FORMULACIÓN DE ROGOS.

12.1.- (13) Rogo formulado pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. “Que se axilice o proceso de alta de novas persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar, incluíndo aquelas que teñen acreditado un grao 1, para asegurar que non continúen a quedar un número importante de horas dispoñíbeis de servizo sen prestar, tendo en conta que nos últimos seis meses o saldo de altas e baixas é incomprendiblemente negativo ao tempo que existen listas de agarda, facendo que en xaneiro deste ano haxa 121 persoas beneficiaras menos que en xaneiro de 2023”.

12.2.- (14) Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. “Rogamos se nos informe de cales son as razóns concretas polas que se lle denega o acceso a este salón de plenos durante dous meses a un grupo de vigueses, os que se lles está a conculcar os seus dereitos e que esas razóns sexan personalizadas”.

13. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

13.1.- (15) Pregunta formulada polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. “Cando se cumpren hoxe 66 xornadas de folga indefinida no servizo de bus urbano da cidade, que medidas vai adoptar o Goberno municipal, deixando atrás a súa descarada complicidade con Vitrasa, para lograr a resolución do conflito aberto desde hai case tres anos nun servizo público de titularidade municipal e de carácter esencial?”

11.2.- (16) Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. “¿Por qué o goberno municipal se nega a colaborar coa Valedora do Pobo e non responde a súa petición de información ao respecto da súa negativa a permitir ao acceso do grupo municipal do Partido Popular ao expediente relacionado co reequilibrio económico financeiro de Vitrasa, tendo a valedora que requeririllo xa por segunda vez?”

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario xaneiro 2024
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 29 de Enero de 2024 09:04:40
Fecha Fin : Lunes, 29 de Enero de 2024 11:36:06
Duración : 02:31:26

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3413



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 14:20	Páxina 23 de 27
4278-1101	CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.0 GiB

Url -

https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/YsbniioGuYfJ6R3zTk1LVfneMdY73JKgiROcV0qGq2pxoQ5i.wmv

SHA512 - 092456672832e7e2de50a27bb77cc27a1434a25d657ed62ece69959a02fc850d305132347bcff3d227a6dbe2e4020233f277c08bfc42321ca34211e59f3cfa85

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 969 MiB

Url -

https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/3ZyZQgo4QxQ02m20pS5YI8EiHhFSskfTpxUwMkbP1pER8aLS.mp4

SHA512 - 7a48f5cfde95d59ea3147ba5edcedc82077e4a1160bd05da62953b60d2311c08178ede0ad54bf59564d519c3e9839fb162f4ee8e5de0ba1b60db195cb8d0a159

- Minutaxe

- 00:00:01 - Asistentes : Interventor; Secretario;Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Manuel; Iglesias López, Patricia; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; Martín Peña, José Miguel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier;
- 00:00:40 - Silva Rego, Carmen
- 00:01:03 : 1. Actas anteriores: Ordinaria del 27.11, extraordinaria do 27.12 e ordinaria do 28.12.2023.
- 00:01:25 : 2. Toma de posesión da concelleira electa D^a Patricia Iglesias López (Expte. Pleno 4245/1101)
- 00:03:27 : 3. Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, correspondente ao 4º trimestre do 2023. Expte. 27869/541 (Expte. Pleno 4237/1101)
- 00:04:06 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:08:40 - Silva Rego, Carmen
- 00:08:54 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:09:19 - Silva Rego, Carmen
- 00:12:30 - Interrupción por desaloxo
- 00:18:18 - Silva Rego, Carmen
- 00:18:23 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:19:02 - Silva Rego, Carmen
- 00:20:11 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:20:29 - Silva Rego, Carmen
- 00:21:46 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:22:01 - Silva Rego, Carmen
- 00:22:05 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:22:21 - Silva Rego, Carmen
- 00:23:35 - Pérez Iglesias, Xabier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 14:20	Páxina 24 de 27
4278-1101	CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 00:25:36 - Silva Rego, Carmen
00:25:54 - Sanchez Mendez, Luisa María
00:28:04 - Silva Rego, Carmen
00:28:15 - Aneiros Pereira, Jaime
00:31:13 - Silva Rego, Carmen
- 00:31:34 - Minuto se silencio polas mulleres asasinadas neste ano -
- 00:32:53 - Silva Rego, Carmen
- 00:33:03 : 4. Moción do grupo municipal do BNG para demandar da Xunta de Galicia accións para paliar as consecuencias da ?Marea Plástica? nas costas galegas. Expte. 4253/1101.
00:33:15 - Pérez Iglesias, Xabier
00:38:21 - Silva Rego, Carmen
00:38:35 - Gonzalez Abeijón, Fernando
00:42:31 - Silva Rego, Carmen
00:42:45 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
00:44:42 - Silva Rego, Carmen
00:44:47 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
00:47:46 - Silva Rego, Carmen
00:47:57 - Pérez Iglesias, Xabier
00:50:58 - Silva Rego, Carmen
00:51:07 - Votación [9:55:46]
- 00:51:31 : 5. Moción do grupo municipal do Partido Popular con motivo da interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Ordenación Integrada do Litoral, aprobada polo Parlamento de Galicia o pasado 4 de xullo. Expte. 4246/1101.
00:51:48 - Martín Peña, José Miguel
00:51:57 - Silva Rego, Carmen
00:52:04 - Martín Peña, José Miguel
00:56:50 - Silva Rego, Carmen
00:57:01 - Pérez Iglesias, Xabier
01:02:02 - Silva Rego, Carmen
01:02:15 - Espinosa Mangana, Elena
01:07:10 - Silva Rego, Carmen
01:07:16 - Martín Peña, José Miguel
01:10:19 - Silva Rego, Carmen
01:10:32 - Votación [10:15:12]
- 01:10:57 : 6 Moción do grupo municipal Socialista en apoio á Manifestación convocada o dia 4 de febreiro na Praza do Obradoiro en defensa das 13 medidas urxentes para salvar a sanidade pública galega. Expte. 4249/1101.
01:11:15 - López Font, Carlos
01:16:19 - Silva Rego, Carmen
01:16:32 - Pérez Iglesias, Xabier
01:21:41 - Sanchez Mendez, Luisa María
01:26:43 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:27:35 - López Font, Carlos
01:30:33 - Silva Rego, Carmen
01:30:40 - Votación [10:35:19]
- 01:31:04 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a creación dun comité de crise no que participaran, ademais das autoridade autonómicas o goberno central, a FEGAMP e tódolos alcaldes dos municipios afectados, e outros acordos complementarios. Expte. 4250/1101-
01:31:31 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
01:36:41 - Pérez Iglesias, Xabier
01:41:50 - Silva Rego, Carmen
01:41:58 - Gonzalez Abeijón, Fernando
01:46:00 - Silva Rego, Carmen



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/02/2024 14:20

Páxina 25 de 27

4278-1101

CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- 01:46:03 - Gonzalez Abeijón, Fernando
01:46:56 - Silva Rego, Carmen
01:47:03 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
01:50:06 - Silva Rego, Carmen
01:50:23 - Votación [10:55:02]
- 01:50:51 : 8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a reactivar de forma inmediata e urxente a Comisión Mixta para a integración da rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saúde, e outros acordos complementarios. Expte. 4251/1101.
- 01:51:17 - Aguiar Castro, Yolanda
01:56:01 - Silva Rego, Carmen
01:56:11 - Martínez Piñeiro, Ana
02:00:17 - Silva Rego, Carmen
02:00:24 - Sanchez Mendez, Luisa María
02:03:35 - Silva Rego, Carmen
02:03:46 - Aguiar Castro, Yolanda
02:06:46 - Silva Rego, Carmen
02:07:02 - Votación [11:11:42]
- 02:07:29 : 9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a aumentar o número de prazas de formación profesional na nosa cidade e axustar a oferta ás necesidades do mercado e outros acordos complementarios. Expte. 4252/1101.
- 02:07:58 - Alonso Suarez, María Olga
02:13:04 - Silva Rego, Carmen
02:13:14 - Abalde Comesaña, Filipe
02:18:23 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:18:30 - Martín Peña, José Miguel
02:23:29 - Espinosa Mangana, Elena
02:23:40 - Alonso Suarez, María Olga
02:26:55 - Espinosa Mangana, Elena
02:27:04 - Votación [11:31:43]
- 02:27:34 : 10. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 18/12/23 e o 21/01/24., incluídas no expediente 1615/1102 (Expte. Pleno 4243/1101).
- 02:27:51 : 11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as ditadas entre o 18/12/23 e o 21/01/24., incluídas no expediente 1616/1102 (Expte. Pleno 4244/1101).
- 02:28:11 : 12. Formulación de rogos.
02:28:17 - Martínez Piñeiro, Ana
02:28:46 - Espinosa Mangana, Elena
02:28:52 - Martín Peña, José Miguel
02:29:20 - Espinosa Mangana, Elena
- 02:29:55 : 13. Formulación de preguntas.
02:30:02 - Abalde Comesaña, Filipe
02:30:33 - Espinosa Mangana, Elena
02:30:36 - Martín Peña, José Miguel
02:30:56 - Espinosa Mangana, Elena

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás once horas e trinta e cinco minutos (11:35) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 14:20	Páxina 26 de 27
4278-1101	CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co núm. 2/2024, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.
am.

A PRESIDENCIA
Elena Espinosa Mangana
Carmela Silva Rego

O SECRETARIO DE ADMÓN. MUNICIPAL
Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 27/02/2024 14:20	Páxina 27 de 27
4278-1101	CSV: A3AE47-B4D8AE-AD494A-4KRUPP-APBAJW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		